



**PROCEDIMENTO EXTRAORDINARIO DO TRABALLO FIN DE GRAO  
DO GRAO EN SOCIOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA  
SITUACIÓN DE EMERXENCIA POLO COVID-19. CURSO 2019-2020**

*Versión aprobada en Xunta de Facultade o 30 de abril de 2020  
e pola Comisión Académico-Docente, de Relacións Internacionais e de  
Garantía de Calidade de 30 de abril de 2020*

Versión adaptada do procedemento do TFG do Grao en Socioloxía  
da Universidade da Coruña

aprobado en Xunta de Facultade o 25 de Outubro de 2011  
Coas modificacións requiridas pola Vicerreitoría de Organización  
Académica 15/12/2011 Modificado na Xunta de Facultade do 5 de  
Marzo de 2013

Coas incorporacións da Reitoría de Abril 2013  
Modificado en Xunta de Facultade o 2 de Xullo de 2015  
Modificado en Xunta de Facultade o 5 de Decembro 2018



## INTRODUCCIÓN

O Traballo de Fin de Grao (TFG) é unha materia obrigatoria do Plan de Estudos do Grao en Socioloxía da UDC que conta cun total de 12 ECTS. Este procedemento define o procedemento para levalo a cabo, e proporciona unha estrutura para a súa realización.

### 1. OBXECTIVOS:

- 1.1. Integrar os coñecementos teóricos e metodolóxicos asimilados nun único traballo.
- 1.2. Facilitar o desenvolvemento das habilidades críticas, analíticas e creativas do alumnado ao adaptar solucións e métodos estudados teoricamente a situacións reais de investigación.
- 1.3. Demostrar que o alumnado de socioloxía está capacitado/a para desenvolver un traballo de investigación (práctica ou teórica) ou un proxecto profesional e, polo tanto, desenvolverse como profesional no mercado de traballo.

### 2. CARACTERÍSTICAS DO TRABALLO DE FIN DE GRAO:

- 2.1. O traballo de fin de grao supón a realización por parte do alumnado dun proxecto ou estudo, no que aplique e desenvolva os coñecementos adquiridos no Grao.
- 2.2. O traballo poderá ser unha achega teórica, unha investigación práctica ou un proxecto profesional (análise dunha política pública, deseño de intervención nunha empresa ou administración, etc.).
- 2.3. O Traballo de Fin de Grao será realizado baixo a supervisión do titor ou titora. Tamén se admite a codirección.
- 2.4. O Traballo de Fin de Grao será realizado de forma individual ou en grupo. No caso dos traballos en grupo existirá unha clara delimitación de tarefas entre os membros do grupo, de xeito que sexa perfectamente avaliable a participación de cada estudante no resultado global. A cualificación e o título do traballo será sempre individual para cada estudante.
- 2.5. Os requisitos para matricularse da materia "Traballo de Fin de Grao" e os que permiten a súa defensa son os que establece a Normativa Académica da UDC.



2.6. Todo proxecto de fin de grao deberá ser un traballo orixinal, desenvolvido polo propio alumnado. Os traballos deberán responder a unhas preguntas derivadas dunha mínima base teórica, incluír unha serie de conclusións aplicadas ao caso concreto de análise ou ben propor unha intervención axeitada (segundo sexa o tipo de traballo).

2.7. O plaxio, total ou parcial, é motivo suficiente para suspender a materia.

2.8. O traballo será defendido ante unha Comisión Avaliadora a través da aplicación **Teams**, na modalidade que permite conectarse ao público en xeral por seren un acto público, debendo, en todo caso, tódolos membros da Comisión e o alumno/a conectarse coa cámara acendida. O acto de Defensa deberá ser gravado. Para garantir que sexa un acto público, proporcionarase o enlace á defensa a través da páxina web da Facultade e tamén na materia de Moodle dos TFGs. A Xunta de Facultade será informada das datas de celebración da defensa con antelación suficiente e nunca nun prazo inferior a un mes da celebración da defensa.

2.9. Os traballos seguirán a seguinte estrutura recomendada:

- a. Título (en castelán, galego e inglés).
- b. Índice paxinado.
- c. Resumo de 150 palabras (en castelán, galego e inglés) e palabras chave (en castelán, galego e inglés).
- d. Introducción (incluíndo a formulación do problema, obxecto e obxectivos do traballo).
- e. Base teórica e hipóteses (de habelas).
- f. Metodoloxía de elaboración (se é un traballo aplicado) e fontes.
- g. Aplicación práctica / Desenvolvemento argumental.
- h. Consideracións / conclusións finais.
- i. Epígrafe no cal os/as alumnos/as expliciten a toma de decisións adoptada ao longo do proceso de traballo, tanto na parte teórica como, sobre todo e se a houber, metodolóxica e de campo. Dito epígrafe debe reflexar as fortalezas e debilidades do traballo desde o punto de vista do seu autor/a
- i. Bibliografía
- j. Anexos



Dada a situación actual de excepcionalidade e confinamento, a estrutura anterior poderá experimentar algúns cambios, en pro da **flexibilidade adaptativa** ao contexto. Neste sentido: (1) O traballo de campo poderá desenvolverse telematicamente; de ser o caso, e se a planificación inicial vese afastada –por razóns xustificadas– do resultado final, o alumnado deberá indicalo no seu traballo xustificando os cambios finais. (2) Poderanse desenvolver e potenciar traballos de profundización teórica, suplindo así as hipotéticas carencias que puideran devir da situación de excepción que atravesamos. (3) Tendo en conta todo o anterior e en función de cada circunstancia particular, o alumnado poderá poñer maior énfase no deseño metodolóxico e non tanto na súa aplicación.

- 2.10. A portada do traballo terá como referencia o modelo que aparece no Anexo 5.
- 2.11. Asíumense como normas de estilo as da APA.
- 2.12. O proxecto poderá realizarse en lingua galega ou castelá.
- 2.13. O traballo individual terá unha extensión recomendada de 10.000 palabras (sen contar bibliografía nin anexos). Como máximo establécense 15.000 palabras (sen contar bibliografía nin anexos). Os traballos colectivos aplicarán esta limitación proporcionalmente ao número de participantes.

### 3. DA COORDINACIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO (CTFG)

#### 3.1. Nomeamento

- 3.1.1. O/a Coordinador/a do TFG será nomeado/a polo Decano/a proposta da Xunta de Facultade e será responsable de que o presente Procedemento se leve a cabo.
- 3.1.2. Poderá ocupar a Coordinación dos TFG e ser nomeado coordinador/a calquera PDI doutor/a con docencia na Facultade de Socioloxía.

#### 3.2. Competencias

- 3.2.1. Deseñará o calendario anual do TFG.
- 3.2.2. Coordinará a asignación de titorizacións ao alumnado.
- 3.2.3. Coordinará a creación e funcionamento das Comisións Avaliadoras

3.2.4. Informará das axudas que, para a realización destes traballos, pode conceder o Servizo de Normalización Lingüística.

#### 3.3. En relación á asignación de titorizacións:



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

3.3.1. Aos 30 días do comezo do curso dará publicidade á relación de titorizacións dispoñibles, así como ás liñas de investigación.

3.3.2. Recibirá da Secretaría do Decanato as prememorias dos proxectos (Anexo 1) presentadas polo estudantado no mes seguinte á publicación da relación de titorizacións dispoñibles e liñas de investigación. Comprobará que contan coa sinatura dos titores e titoras.

3.3.3. Se houbera estudantes que non fosen quen de elixir titorización polo procedemento descrito nos epígrafes anteriores, a Coordinación dos TFG organizará unha reunión na que se fará a asignación entre o PDI que dispoña de prazas de titorías vacantes.

3.3.4. Procurará que as labores de titorización sexan equilibradas, na medida do posible. Cada PDI dirixirá un máximo de 3 proxectos cada ano.

3.3.5. Resolverá, se fora o caso, os **cambios de titorización** que se soliciten. A solicitude razoada será entregada na Secretaría do alumnado (UXAI) e dirixida á Coordinación dos TFG que resolverá nun máximo de 20 días naturais os cambios solicitados. Ante a situación de excepcionalidade aberta pola COVID-19, o alumnado que teña problemas para desenvolver a súa investigación sobre un tema previamente elixido, poderá propoñer á persoa directora un novo tema para o TFG. O director ou directora poderá aceptar dito cambio ou, de non ser o caso, pedirlle ao seu alumnado un cambio de orientación ou propoñerlle un tema alternativo.

En caso de que ámbalas dúas partes non cheguen a un acordo, establecerase un prazo de 3 días (**13, 14 e 15 de maio** de 2020) para solicitar un cambio de director/a. Dito cambio deberá ser solicitado á Secretaría do alumnado vía correo electrónico ([uxai.socom@udc.es](mailto:uxai.socom@udc.es)). Na solicitude de petición de cambio de director/a deberán constar os seguintes datos:

- Nome
- Apelidos
- DNI
- Correo electrónico de contacto
- Teléfono de contacto
- Nome do/a director/a anterior.
- Nome do/a director/a proposto/a.
- Título do TFG.



- Motivos polos que solicita o cambio.
- Data
- Sinatura

Unha vez rematado este prazo e recibidas tódalas solicitudes, o Coordinador poñerase en contacto co/a director/a proposto. Se finalmente houber estudantes que non chegasen a acordo coas persoas propostas, o Coordinador fará a asignación dos TFGs entre o PDI que dispoña de prazas de titorías vacantes.

#### 3.4. En relación á defensa do TFG e ás Comisións Avaliadoras

3.4.1. En canto se dispoña da información da matrícula proporase a composición das Comisións Avaliadoras do Traballo de Fin de Grao á Xunta de Facultade para a súa aprobación, así como o lugar, data e hora de exposición dos traballos, a data de publicación das cualificacións e o lugar, día e hora fixados para a revisión das cualificacións.

3.4.2. Nun prazo máximo de dez días despois da aprobación en Xunta de Facultade, fará pública a relación de Comisións Avaliadoras, estudantes, datas e horas da defensa dos traballos e sesións de revisión na web da Facultade. Durante o período de confinamento a **publicidade** farase na páxina web e na materia de Moodle dos TFGs (código 615G014201920).

3.4.3. Fará entrega a cada integrante das Comisións Avaliadoras dos TFGs que deban avaliar.

3.4.4. Unha vez avaliados os TFG, a persoa responsable da Coordinación dos TFG entregará na Biblioteca de Socioloxía e Ciencias da Comunicación as copias electrónicas daqueles traballos que foran seleccionados polas Comisións Avaliadoras para a súa publicación no Repositorio Institucional da UDC (RUC), e dos que se teña autorización previa do alumnado, quen deberá entregar asinado o Anexo 9 para poder facer a achega correspondente na Biblioteca. O alumnado que non dispoña de firma dixital, deberá enviar o Anexo 9 coa súa firma en imaxe ou pdf e, pasado o confinamento, fará entrega do documento orixinal na UXAI.

#### 4. DO PROFESORADO TITOR DE TFGs:

4.1. Poderán titorizar TFGs o Persoal Docente e Investigador da



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Socioloxía ou docentes na Facultade de Socioloxía doutros departamentos.

4.2. O profesorado integrante das Comisións Avaliadoras poderá titorizar TFG, mais nunca serán avaliados na mesma Comisión Avaliadora da que formen parte.

4.3. A labor de titorización verase recoñecida na carga de horas docentes que estipule a normativa da UDC.

4.4. Existirán dúas posibles alternativas para a elección do tema de traballo:

4.4.1. Ofertaranse temas relacionados co campo de investigación ou área de interese do profesorado titor, información que, xunto coas prazas de titoría desexadas, entregará a Coordinación de TFG antes de que finalice o primeiro mes do curso académico.

4.4.2. Poderase exercer a titoría de temas non relacionados coas liñas de investigación do profesorado titor sempre que a proposta feita polo alumnado resulte de interese, atractiva ou innovadora.

4.5. Aos trinta días de comezar o cuatrimestre en que será avaliado o TFG, os titores e titoras recibirán do alumnado o anteproxecto que servirá para orientar a titorización do traballo

4.6. O profesorado titor facilitará ao alumnado as orientacións adecuadas para a elaboración do proxecto.

4.7. O profesorado titor supervisará a realización do proxecto, a calidade dos seus contidos e que se desenvolva de acordo coas presentes normas. Antes da presentación para ser avaliado, e nos prazos establecidos, dará a súa conformidade na secretaría virtual e tamén a súa opinión sobre cada estudante e o traballo cubrindo o formulario do Anexo 3. Neste informe, que se lle entregará ás comisións avaliadoras, debe constar unha valoración realista dos logros, así como das fortalezas e debilidades do traballo. Dito informe será valorado pola Comisión de Avaliación.

4.8. No caso dun traballo en grupo, durante a titorización se especificarán claramente as tarefas a realizar por cada estudante. O reparto das mesmas terá que resultar axeitado e equitativo. Este tipo de traballos non se verá limitado pola norma referida á extensión máxima, aínda que se recomenda que os traballos colectivos respecten os límites de extensión (punto 2.13) proporcionalmente ao número de participantes.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## 5. DO ALUMNADO TITORIZADO

5.1. A elección do tema, xa sexa propio ou dentro dos ofertados, será comunicada na Secretaría do Decanato mediante escrito dirixido a Coordinación do TFG, (véxase Anexo 1), nas datas establecidas.

5.2. Aos 30 días do comezo do cuadrimestre en que será avaliado o TFG, entregará ao seu titor ou titora un anteproxecto (Anexo 2) dunhas 1.000 palabras no que constará o título, o obxecto de estudo, os obxectivos do traballo, liñas xerais do marco teórico, hipóteses xerais do traballo (de ser o caso), metodoloxía a desenvolver (de ser o caso) coas fontes de datos pertinentes (de ser o caso), cronograma de traballo e a bibliografía (a consultada ata o momento e a que se pensa traballar).

## 6. DA SOLICITUDE DA DEFENSA

6.1. O alumnado non poderá defender o TFG antes de superar todas as materias do seu expediente.

**De xeito excepcional**, poderán ser defendidos e avaliados antes de que o/a estudante superase as prácticas externas, naqueles casos en que a súa realización no presente curso académico non fose posible. En todo caso as actas correspondentes aos TFG asinaranse ao remate do proceso de cualificación e sinatura de actas das materias do título.

6.2. Unha vez rematado o Traballo de Fin de Grao o alumnado solicitará a súa defensa a través da secretaria virtual nos prazos establecidos no calendario de TFG.

6.3 Enviará á Secretaría de Estudantes, por correo electrónico (uxai.socom@udc.es) a copia da solicitude de defensa e o pdf do TFG para que poda ser avaliado pola Comisión, axuntando tamén o Anexo 9. Unha vez **restablecida a situación** e cando o centro volva a abrir as súas portas, o alumno/a comprométese a enviar ou entregar na Secretaría do Decanato un exemplar impreso do traballo co visto e prace do director na portada e unha copia electrónica do proxecto nun USB e nun CD ou DVD segundo o formato que se especifica no Anexo 7. Enviarse ou entregarse tamén cumprimentado o Anexo 9 e coa firma orixinal (este anexo só terá que entregarse, una vez aberto o centro, se non se enviou previamente con firma dixital)

## 7. DAS COMISIÓNS AVALIADORAS:

7.1. As Comisións Avaliadoras estarán formadas polo PDI pertencente





## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

á Xunta da Facultade de Socioloxía, xunto con aquel profesorado con docencia nesta Facultade que o desexe.

7.2. O sorteo é sen reposición. O profesorado que sendo suplente dunha Comisión non teña avaliado TFG por non exercer finalmente de titular nunha Comisión, incorporárase aos seguintes sorteos.

7.3. Cada Comisión estará formada por tres integrantes titulares e tres suplentes. Presidirá a Comisión un PDI doutor con dedicación completa. A secretaría a ocupará o PDI máis novo.

7.4. O número de Comisións estará en función do alumnado que solicite a defensa do TFG, de xeito que cada Comisión non avalíe máis de oito traballos.

7.5. De seren o caso dunha convocatoria extraordinaria fóra das de xuño e xullo-setembro, a selección de integrantes da Comisión resultará do sorteo entre o PDI suplente que non tivera actuado nas devanditas convocatorias.

7.6. As Comisións Avaliadoras reuniranse previamente á defensa pública para acordar as cualificacións dos traballos avaliados por cada integrante da Comisión e as preguntas que, de seren o caso, realizarán a cada estudante. En conxunto, estas preguntas non deberían exceder dos 9 minutos.

7.7. O alumnado disporá de 10 minutos para resolver todas estas cuestións.

## 8. DA AVALIACIÓN:

### 8.1. Da cualificación:

8.1.1. A cualificación outorgarase en función dunha escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que acompañará a súa correspondente cualificación cualitativa:

- 0 - 4,9: Suspenso (SS)
- 5,0 - 6,9: Aprobado (AP)
- 7,0 - 8,9: Notable (NT)
- 9,0 - 10: Sobresáinte (SB)

8.1.2. Cada integrante da Comisión avaliará de xeito independente os traballos que lle correspondan e dará unha cualificación numérica aos traballos e ás exposicións. A avaliación e cualificación basearanse na rúbrica que aparece no Anexo 10.

8.1.3. A cualificación global do TFG é resultado da aplicación da rúbrica que figura no Anexo 10.

8.1.4. Cada Comisión Avaliadora poderá conceder a mención de "Matrícula de Honra" aos traballos do proxecto de fin de grao que obtivesen unha cualificación igual ou superior a 9,0.



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

8.1.5. Todo traballo con cualificación igual ou superior ao 9 subirase ao repositorio da UDC. Cada Comisión Avaliadora poderá recomendar a inclusión no repositorio dos traballos que, non acadando unha cualificación de 9, consideren coa suficiente calidade.

8.1.6. As cualificacións da comisión faranse públicas, no Moodle, xunto coa data da sesión de reclamacións aprobada previamente en Xunta de Facultade, ao finalizar a sesión pública.

### 8.2. Da exposición do TFG:

8.2.1. A exposición do Traballo de Fin de Grao será realizada polo alumnado a través da aplicación **Teams**, na modalidade que permita conectarse ao público en xeral, por medio da exposición oral do seu contido ou das liñas principais do mesmo, durante o tempo máximo especificado pola Comisión Avaliadora.

8.2.2. De xeito orientativo, o alumnado disporá dun máximo de media hora para facer a súa intervención e responder ás cuestións propostas pola Comisión.

8.2.3. Os titores e titoras terán dereito ao uso da palabra ao finalizar a quenda de preguntas e respostas.

### 8.3. Da sesión de reclamacións:

8.3.1. A Comisión reunirse a través da aplicación **Teams** na data e hora aprobados en Xunta de Facultade e dará oralmente as oportunas explicacións sobre as cualificacións dadas aos estudantes que o soliciten.

8.3.3. En caso de que a cualificación sexa de suspenso, a comisión especificará os puntos concretos que se require mellorar no TFG.

8.3.4. A Comisión Avaliadora cubrirá e asinará a correspondente Acta de Cualificación (Anexo 8) que se fará pública no Moodle unha vez rematada a sesión de reclamacións.

8.3.5. Para o non previsto no presente procedemento, estarase ao disposto nas Normas de Avaliación, Revisión e Reclamación das Cualificacións dos estudos de Grao e Mestrado Universitario vixentes en cada momento na UDC.

## 9. DOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO EN PROGRAMAS DE MOBILIDADE

9.1. No caso de que o TFG se inclúa nun contrato dun programa de mobilidade, asignarase a dirección do traballo ao PDI responsable da mobilidade do centro que emitirá un informe favorable á defensa cando



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

teña coñecemento oficial da superación da proba na universidade de destino.

9.2. A Coordinación dos TFG definirá un Tribunal de Mobilidade, e designará a persoa responsable da firma das actas, que será preferiblemente un PDI vinculado a coordinación dos programas de mobilidade.

8.3. O alumnado que non teña superadas todas as materias despois de realizar o programa de mobilidade, poderá aprazar a incorporación da cualificación do TFG ata o curso seguinte de participar no programa e tras unha nova matrícula.



## **ANEXO 1: PREMEMORIA DO TRABALLO DE FIN DE GRAO**

Nome:

Apelidos:

DNI.

Enderezo:

Teléfono:

Email:

### DATOS DO PROXECTO

Titorizado por:

Indíquese se é:

1. Unha Idea propia
2. Unha idea ofertada por un director

Título do proxecto:

A Coruña, de                      de 202

Sinatura

Data de rexistro e cuño



## **ANEXO 2: PREPROXECTO DO TRABALLO DE FIN DE GRAO**

Título do proxecto:

Obxecto de estudo:

Obxectivos do traballo:

Marco teórico:

Hipóteses (de habelas):

Metodoloxía a desenvolver (de ser o caso) e fontes:

Cronograma:

Bibliografía:

A Coruña, de

de 20

Sinatura



### **ANEXO 3: INFORMES SOBRE O TRABALLO DE FIN DE GRAO**

Traballo titulado:

Presentado por:

Dirixido por:

Razóns que avalan a calidade do traballo:

1. Obxectivos e estrutura do traballo.
2. Interese e orixinalidade do traballo desenvolvido.
3. Metodoloxía
4. Valoración de resultados e conclusións.
5. Fortalezas e debilidades do TFG.
6. Outras observacións e comentarios.

Por todas estas razóns, dou/non dou a miña conformidade para que este traballo poida ser presentado ante a Comisión de Defensa do Proxecto de Fin de Grao

Data e sinatura /



#### **ANEXO 4: ORIENTACIÓNS PARA A ELABORACIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO:**

O traballo de Fin de Grao seguirá a seguinte estrutura:

1. Título (en castelán, galego e inglés)
2. Índice paxinado
3. Resumo de 150 palabras (en castelán, galego e inglés) e palabras chave (en castelán, galego e inglés)
4. Introducción (incluíndo a formulación do problema, obxecto e obxectivos do traballo)
5. Base teórica e hipóteses (de habelas)
6. Metodoloxía de elaboración (se é un traballo aplicado) e fontes
7. Aplicación práctica / Desenvolvemento argumental
8. Consideracións / conclusións finais
9. Epígrafe no cal os/as alumnos/as expliciten a toma de decisións adoptada ao longo do proceso de traballo, tanto na parte teórica como, sobre todo e se a houber, metodolóxica e de campo. Dito epígrafe debe reflexar as fortalezas e debilidades do traballo desde o punto de vista do seu autor/a
10. Bibliografía
11. Anexos

Cada unha das partes mencionadas refírese á seguinte información:

**RESUMO:** Recolle un breve resumo do contido do traballo. Non debería exceder das 150 palabras.

**INTRODUCCIÓN:** Recolle a intención do autor e presenta o problema ou tema específico de estudo (os obxectivos ou as hipóteses). Descríbense as principais características do traballo, unha breve discusión sobre os antecedentes teóricos e empíricos e defínense os conceptos principais que serán utilizados no estudo. Tamén debe incluír o resumo das partes nas que se estruturou o traballo e o proceso de elaboración que se seguiu.

**CORPO DO INFORME,** composto por: base teórica, metodoloxía, aplicación práctica e conclusións. Esta parte é a que desenvolve propiamente o traballo. Nel descríbese o método seguido, as achegas acadadas, o proceso de produción e recollida de datos e a súa análise, así como os principais instrumentos e procedementos usados. Ao final



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

preséntanse os resultados e conclusións. Valorarase,





UNIVERSIDADE DA CORUÑA

dentro destas últimas, unha reflexión persoal sobre o proceso de traballo, a toma de decisións ocorridas (tanto na parte teórica como metodolóxica e de campo, de habelas), así como das súas fortalezas e debilidades.

**BIBLIOGRAFÍA:** Ao final do informe aparece a sección de referencias a obras e fontes consultadas e citadas.

**ANEXOS:** O apéndice ou anexo achega unha información detallada que doutro xeito distraería a lectura no corpo do informe. Esta sección do traballo inclúe listaxes de palabras, experimentos, organigramas, táboas, gráficos, mapas, cadros, unha mostra do/s cuestionario/s empregado/s (ou proxectado) ou calquera outro instrumento da investigación. No texto do traballo farase referencia aos contidos do anexo. Un traballo pode incluír máis dun anexo.



**ANEXO 5: MODELO PORTADA**

CURSO ACADÉMICO:  
GRAO EN SOCIOLOXÍA  
TRABALLO DE FIN DE GRAO

CONVOCATORIA:

TÍTULO  
(En galego, castelán e inglés)

NOME E APELIDOS  
DIRIXIDO POR:

RESUMO (En galego, castelán e inglés)  
PALABRAS CHAVE (En galego, castelán e inglés)



## **ANEXO 6: NORMAS REFERIDAS AO FORMATO DO TRABALLO:**

- Letra Times New Roman 12. Nas táboas e gráficos que o precisen poderase empregar un tipo menor, en calquera caso lexible.
- Non sangrar o comezo dos parágrafos.
- Todas as abreviaturas estarán descritas a primeira vez que sexan mencionadas.
- As notas irán a pé de páxina.

Todas as táboas e gráficos estarán numeradas correctamente (números romanos para as táboas e números arábigos para os gráficos). Terán un título conciso que permita entender o contido da táboa ou gráfico.

Todas as referencias da bibliografía deben ter a súa correspondencia no texto, así como toda manifestación expresada no texto como pertencente a outro autor/a debe ter a súa correspondencia na bibliografía.

As normas para a citación son as da APA.



## **ANEXO 7: NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS FIN DE GRAO EN FORMATO ELECTRÓNICO**

O traballo fin de grao (TFG) en formato electrónico corresponderase fidedignamente coa copia entregada en papel.

### **Soporte, identificación e formato**

O soporte físico será CD ou DVD, ademais dun USB.

O disco estará identificado con letra de imprenta. Os datos que deben constar nel, así como no USB, son: TFG Grao en Socioloxía, Título do traballo, nome e apelidos, curso académico.

Os documentos presentaranse en formato PDF/A ou outros formatos abertos. Os arquivos PDF poderán incluír ligazóns de hipertexto e información multimedia.

Os arquivos PDF non estarán protexidos. Empregaranse tantos arquivos como foren necesarios.

Nome dos arquivos que conteñen o documento principal

Sexa, por exemplo, o TFG defendido en 2013 por María José Pérez López.

Se o documento principal do TFG en formato electrónico constara dun só arquivo, este chamarase:

- PerezLopez\_MaríaJosé\_TFG\_2013.pdf

En cambio, se o documento principal do TFG en formato electrónico estiver formado por tres arquivos, estes chamaranse:

- PerezLopez\_MaríaJosé\_TFG\_2013\_01de3.pdf
- PerezLopez\_MaríaJosé\_TFG\_2013\_02de3.pdf
- PerezLopez\_MaríaJosé\_TFG\_2013\_03de3.pdf

Non deben utilizarse nin espazos nin acentos nin a ñ no nome dos arquivos, co fin de asegurar a compatibilidade con todos os navegadores.

### **Outros arquivos**

Poderán achegar arquivos doutros tipos (imaxes, programas de ordenador, información multimedia etc.) en formatos coñecidos (TIFF, JPG, MPG, MP...)

Nese caso, e para favorecer a súa identificación, o nome dos arquivos adicionais seguirá unha pauta similar á dos que conteñen o documento principal. Por exemplo, o arquivo que contén un vídeo en formato MPG (o cuarto dun total de sete) no traballo de José Manuel Pérez López podería chamarse:

- PerezLopez\_MaríaJosé\_TFG\_2013\_Video\_04de4.mpg



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O/a autor/a indicará o tipo de arquivo que envía e a extensión propia deste arquivo. Cando son varios arquivos manterase a numeración do conxunto.

- PerezLopez\_MaríaJosé\_ TFG\_2013\_01de3.pdf
- PerezLopez\_MaríaJosé\_ TFG\_2013\_02de3.pdf
- PerezLopez\_MaríaJosé\_ TFG\_2013\_03de3.pdf
- PerezLopez\_MaríaJosé\_TFG\_2013\_Video\_04de4.mpg

Poderán definir hipervínculos para acceder a estes contidos desde os arquivos PDF que forman o documento principal do traballo de fin de grao.



**ANEXO 8: MODELO DE ACTA A CUBRIR POLAS COMISIONS  
AVALIADORAS PARA AS CUALIFICACIÓNS DOS TFG**

Unha vez publicadas as cualificacións dos/das alumnos/as abaixo referidos o día de de polo Presidente/a da Comisión, D/Dona:

e celebrada a sesión de reclamacións, os membros da Comisión abaixo firmantes fan definitivas as cualificacións dos estudantes relativas á materia Traballo de Fin de Grao. Son as seguintes:

Orde	DNI	Nome e Apellidos	Cualifi. global numérica	Cualif. Global cualitativa	Non pres.	Recomenda inclusión da memoria no Repositorio

Asinado:

O/a Presidente/a

Vogal

Secretario/a

Asdo.

Asdo.

Asdo.

A Coruña, a de

de



## **ANEXO 9: AUTORIZACIÓN DO/A AUTOR/A DO TRABALLO FIN DE GRAO PARA O DEPÓSITO NO REPOSITORIO INSTITUCIONAL DA UDC (RUC)**

Don/Dona \_\_\_\_\_, con DNI/Pasaporte nº \_\_\_\_\_, enderezo electrónico \_\_\_\_\_, e domicilio en \_\_\_\_\_, autor/a do traballo fin de grao (en adiante TFG)

Título:

Apelidos e nome do/a titor/a: Data de presentación

Declaro:

PRIMEIRO.- Que, en condición de autor/a do TFG, correspóndenlle de forma exclusiva os dereitos de propiedade intelectual sobre os seus contidos e que esta obra é orixinal e non infrinxe ningún dereito de terceiros, sexa a propiedade industrial, a propiedade intelectual, o segredo comercial ou calquera outro.

SEGUNDO.- Que ten constancia de que o regulamento do TFG da titulación de Grao en Socioloxía establece que os TFG seleccionados polas comisións académicas serán publicados no RUC da UDC o que implica que se farán públicos en Internet.

Autorizo:

Que o meu TFG, no caso de que sexa seleccionado, sepublique no RUC con esta licenza (elixir unha):  Todos os dereitos reservados: autorízase a súa difusión no RUC de forma non exclusiva.

OU

opcionalmente con Algúns dereitos reservados baixo unha licenza Creative Commons  CC BY-NC-ND. Permite a reprodución total ou parcial e a comunicación pública da obra con recoñecemento da autoría. Non se permite o uso comercial nin a creación de obras derivadas. É a licenza máis restritiva.

CC BY. Permite a reprodución total ou parcial, a distribución, a comunicación pública da obra e a creación de obras derivadas, incluso con finalidade comercial. Obriga ao recoñecemento da autoría. É a licenza menos restritiva.

CC BY-NC. Permite a creación de obras derivadas, con recoñecemento de autoría e sen fin comercial

CC BY-NC-SA. Permite a creación de obras derivadas, con recoñecemento de autoría e sen fin comercial, coa obriga de licenciar as novas creacións baixo as mesmas condicións.

CC BY-SA. Permite o uso comercial da obra e das posibles obras derivadas, con recoñecemento de autoría e a obriga de licenciar as novas creacións baixo as mesmas condicións.

CC BY-ND. Esta licenza permite o uso comercial con recoñecemento de autoría, pero non a creación de obras derivadas.

E para que quede constancia asino o presente documento no lugar e na data que a seguir se indican.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_



**Anexo 10: CRITERIOS PARA A REALIZACIÓN,  
DIRECCIÓN E AVALIACIÓN DO TFG**

ITEM	CONTIDO	CALIFICACIÓN	PONDERACIÓN
Proposta e obxectivos  <i>¿Qué vas a estudar?</i>	Valorarase a presentación do tema a súa xustificación e contextualización así como a claridade e pertinencia dos obxectivos propostos.	Moi Adecuada (9-10) Adecuada (7-8) Básica (5-6) Inadecuada (0-4)	25%
Deseño e Metodoloxía  <i>¿Cómo vas a estudar?</i>	Prestarase atención a descrición e argumentación da metodoloxía empregada que haberá ser adecuada aos obxectivos- propostos.	Moi Adecuada (9-10) Adecuada (7-8) Básica (5-6) Inadecuada (0-4)	25%
Análise e Conclusións  <i>¿Qué atopaste?</i>	Valorarase a correcta presentación dos resultados acadados prestando atención a interpretación feita polo alumno/a. Terase en conta a capacidade para expoñer sintética e ordenadamente as aportacións realizadas no TFG.	Moi Adecuada (9-10) Adecuada (7-8) Básica (5-6) Inadecuada (0-4)	30%
Exposición oral e escrita  <i>¿Cómo o presentas?</i>	Terase en conta a calidade e claridade da exposición oral e escrita, así coma a soltura e acerto na resposta as preguntas formuladas. Tomarase en consideración a reflexión sobre o proceso de aprendizaxe.	Moi Adecuada (9-10) Adecuada (7-8) Básica (5-6) Inadecuada (0-4)	20%